

2. Constitúen normativa básica en materia de pesca marítima os artigos 1, 3, 5.4, 6.3, 7 e 9.

Constitúen normativa básica en materia de ordenación do sector o artigo 2, excepto o punto 4; os artigos 4 e 5, excepto os puntos 2 e 4; os puntos 1 e 4 do artigo 6; o artigo 8 e a disposición adicional única.

Constitúen normativa básica en materia de mariña mercante os artigos 1, 2.4, 3, 5.2, 6.2, 6.3 e 9.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación regulamentaria e facultade de desenvolvemento.*

1. Habilítase o Goberno para que, en caso necesario, poida regular futuras actuacións de regularización ou actualización das inscricións no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, así como do Censo da Frota Pesqueira Operativa de embarcacións de pesca.

2. Autorízase o Goberno e, de ser o caso, os ministros de Fomento e de Agricultura, Pesca e Alimentación para que, no ámbito das súas competencias, diten certas disposicións ou actos sexan necesarios para o desenvolvemento e aplicación desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 22 de xuño de 2007.

JUAN CARLOS R.

A presidenta do Goberno
en funcións,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

12351 LEI 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas. («BOE» 150, do 23-6-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

Iníciase o século XXI cunha nova concepción e definición da lectura e do libro. Durante séculos, o libro mantivo un formato singular e único, do mesmo xeito que se definía a lectura como o exercicio lector realizado polos individuos sobre os seus contidos. Na actualidade, concíbese a lectura como unha ferramenta básica para o desenvolvemento da personalidade e tamén como instrumento para a socialización; é dicir, como elemento esencial para a capacitación e a convivencia democrática, para desenvolverse na «sociedade da información». A cidadanía, a través de numerosos medios e recursos, recibe abundancia de información; mais, neste contexto, cómpre dispor da habilidade necesaria para transformar a información en coñecementos, e esta capacidade lógrase grazas ao hábito lector. Só desta maneira os cidadáns poden aspirar a participar e gozar en igualdade

das posibilidades que ofrece a «sociedade do coñecemento»: ler é elixir perspectivas desde as que situar a nosa mirada convidando a reflexionar, a pensar e a crear.

Esta Lei da lectura, do libro e das bibliotecas nace, pois, dentro do marco que avala a Constitución a favor dos principios que promoven a convivencia. Xorde como medida que atende a pluralidade de matices que encerra o concepto de «lectura» e como recoñecemento da diversidade de formatos que ofrece o concepto de «libro». Dado que é necesaria unha adecuación á nova realidade, é preciso redefinir algúns conceptos esenciais e ampliar o seu campo semántico e que se imponen necesariamente á nova realidade, obxecto desta lei.

A lectura, como proceso de descodificación mediante o cal unha persoa comprende e interioriza o sentido de signos e logra obter información e coñecemento, debe ser accesible a toda a sociedade; debe ser, polo tanto, un dereito que permita acceder ao coñecemento a toda a cidadanía en condicións de igualdade. A lectura enriquece e desenvolve a necesaria capacidade crítica das persoas; de aí que tras o acto da lectura, ademais dos valores cívicos que encerra, habite unha adquisición de habilidades que dota os individuos de recursos necesarios para o seu desenvolvemento como persoas: a vida cotiá debe estar condicionada pola capacidade lectora que contribúa ao perfeccionamento dos seres humanos.

Tanta densidade de riquezas exige aprendizaxe e esforzo por parte dos individuos, de aí que se pretenda que o seu gozo vaia tan lonxe como a biografía completa de todo cidadán.

Esta lei aspira a recoller os valores insubstituíbles da lectura e os seus contextos, polo tanto reconece e promove as accións tendentes a propiciar a súa adquisición e a desenvolver hábitos lectores, desde todos os ámbitos e administracións, respectando as competencias de cada unha delas, co fin de que se logre a maior eficacia posible e a teleoloxía desexable: unha sociedade lectora.

Esta acción, pois, non posúe data de caducidade, polo tanto, –sexa desde o sector público, tanto desde ámbitos culturais e educativos coma desde políticas sociais, ou sexa desde o sector privado–, trátase dunha tarefa inescusable que incumbe a todos. Nos países da Unión Europea estase a prestar grande atención ao fomento da lectura, sendo o noso modelo de referencia o daqueles países que alcanzan os mellores índices entre a poboación potencialmente lectora. Tamén no noso país a lectura, nos últimos anos, adquiriu un crecente protagonismo canto á súa función e importancia. A Administración xeral do Estado, as administracións autonómicas e as entidades locais impulsaron, xunto coa necesaria colaboración do sector do libro, numerosas iniciativas. Así, a inquietude pola lectura foi multiplicando a súa presenza nos medios de comunicación, foros e entidades de diferente signo e foi obxecto de preocupación e debate en toda a sociedade, especialmente no ámbito escolar. A lectura e o seu fomento considéranse unha ferramenta básica para o exercicio do dereito á educación e á cultura no marco da sociedade da información, de aí que diversos plans tenden ao seu fomento e destacan o seu interese na vida cotiá da sociedade, así como o papel fundamental que os medios de comunicación, en especial os de titularidade pública, deben ter na promoción e no fomento do hábito lector e do libro.

Un dos fitos máis importantes dese debate arredor da lectura foi o producido a raíz dos resultados de diversos informes de organismos internacionais, uns datos que cuestionaban a comprensión lectora entre os escolares adolescentes españois. Pero eses datos tiveron un efecto positivo, pois contribuíron a sinalar a importancia

da lectura como instrumento transversal e determinante para o rendemento escolar. Os resultados dos estudos recentes sobre bibliotecas escolares contribuíron a unha concienciación sobre a necesidade de reforzar os hábitos lectores na escola, para o cal se requiren recursos materiais e humanos e unha formulación axeitada das funcións que no ensino poden e deben cumprir este tipo de bibliotecas. Desde o ámbito normativo deuse un paso de extraordinaria relevancia: por primeira vez, a Lei orgánica de educación, no seu artigo 113, recolle a obriga de que en todo centro escolar público exista unha biblioteca escolar e lembra que esta debe contribuir a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información en todas as áreas da aprendizaxe como dinámica imprescindible para participar na sociedade do coñecemento. O acceso dos alumnos á información debe contar coa garantía duns textos adecuados no contido e na forma, pero tamén no uso correcto da linguaxe. Só se os modelos son exemplares na súa ortografía, expresión e gramática, os nosos escolares poderán adquirir as habilidades requiridas na sociedade da información: comprender e expresarse con claridade. Un texto coidado é o mellor recurso para os docentes e os seus alumnos.

Por outra parte, o fomento da lectura é un dos mellores apoios para o futuro do sector do libro español, tanto na súa vertente cultural como industrial. O libro e o sector do libro estaban regulados pola Lei do libro 9/1975, do 12 marzo, pero gran parte dos seus preceptos xa foron superados pola nova realidade constitucional, tanto pola regulación de dereitos e liberdades coma polo novo marco territorial constitucionalmente establecido. A Constitución española de 1978, no seu artigo 44, reconece que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, a que todos teñen dereito. Ese artigo débese interpretar xunto co artigo 149.2 ao indicar que, sen prexuízo das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial e facilitará a comunicación cultural entre as comunidades autónomas, de acordo con elas e respectando o marco competencial establecido na Constitución e nos estatutos de autonomía.

O apoio dos poderes públicos ao libro, como modelo de expresión cultural, recóllese explicitamente nesta lei, pero tamén se reconece o labor dos seus diversos protagonistas. Por un lado, valórase o labor dos creadores, incluíndo entre estes ademais dos escritores e autores, os tradutores, ilustradores e correctores no exercicio da súa función, sen os cales non existirían as obras que toman a forma de libro, e sen prexuízo da protección que se regula na lexislación de propiedade intelectual; por outra parte, recóllese a promoción da principal industria cultural do noso país, o sector do libro, cun especial recoñecemento ao labor dos libeiros como axentes culturais. Así mesmo, tamén se reconece que ese apoio dos poderes públicos ao libro español debe tender cara á súa expansión internacional, tradicionalmente orientada a Iberoamérica, dados os nosos vínculos culturais e lingüísticos, aspirando a entrar en todos os mercados e áreas lingüísticas existentes. Tamén se manifesta a clara vontade de protexer e promover a diversidade lingüística do Estado español, atendendo ao recoñecemento das diferentes linguas oficiais.

A regulación sobre a comercialización do libro e das publicacións afíns parte da convicción de que se ofrece un produto que é máis que unha mera mercadoría: trátase dun soporte físico que contén a plasmación do pensamento humano, a ciencia e a creación literaria, posibilitando ese acto transcendental e único para a especie humana que é a lectura. A difusión desas creacións, o seu valor cultural e a súa pluralidade requiren unha certa garantía tanto no control de calidade do texto como na súa comercialización para que poidan ser accesibles ao

maior número de potenciais lectores. Eses fins son os perseguidos polos sistemas de prezo fixo ou único dos libros; deste xeito, permítese a coexistencia de edicións de rápida rotación e outras de máis longa rotación, ofrecendo as librarías no só o que estea de novidade senón un fondo bibliográfico que facilite o acceso igualitario e diverso á cultura, tal e como exige o citado artigo 44 da nosa Constitución.

Por todo isto, esta lei aposta por un sistema que en España se vén mantendo historicamente, e que tamén é claramente maioritario na Unión Europea. Neste ámbito europeo, as institucións recoñeceron de xeito expreso a compatibilidade das leis nacionais do prezo fixo co dereito comunitario, e o Parlamento Europeo avoga por que se dite unha proposta lexislativa comunitaria sobre o prezo fixo. Así mesmo, os países do espazo iberoamericano recoñeceron e reforzaron, por vía lexislativa, os sistemas de prezo fixo.

Nesta lei pretendeuse reforzar ese principio xeral do prezo fixo establecendo, con rango legal, as obrigas específicas dos axentes do sector, e incluso a prohibición expresa do uso do libro como reclamo comercial para a venda doutros produtos de natureza distinta. Porén, o réxime de prezos dos libros de texto que prevía o Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, que liberalizaba o desconto para os libros de texto, establécese agora como unha exclusión do sistema de prezo fixo. A experiencia adquirida aconsella o cambio dese singular sistema de desconto libre cara a un sistema de prezo libre, que é, pola súa vez, favorable para o cidadán, ao propiciar a capacidade de aforro das familias que se benefician da liberalización de prezos, e ao mesmo tempo non prexudica o libreiro retalista posto que, en última instancia, posibilita a protección da rede de librarías existente, salvagardando o mantemento dunha oferta cultural diversificada.

Por outra parte, a regulación legal aínda vixente é allea ao rápido desenvolvemento tecnolóxico das últimas décadas. O sector do libro e das publicacións afíns en España actualmente presenta trazos claros de madurez e saúde, pero tamén se enfronta aos retos que lle presentan as novas tecnoloxías e os cambios producidos por estas e por outros factores, tanto na dinámica propia do sector coma na do mercado. De aí que unha das primeiras consecuencias deses vertixinosos cambios tecnolóxicos fose a necesidade de proporcionar unha definición actualizada do libro, unha das metas que esta lei se marcou.

Así mesmo, as novas tecnoloxías da información e da comunicación influíron de maneira decisiva na forma de prestar un servizo público fundamental, como son as bibliotecas. O progresivo desenvolvemento dos sistemas bibliotecarios en España e a evolución tecnolóxica das propias bibliotecas aconsellaban redefinir o papel da Administración xeral do Estado nesta materia, favorecendo, por un lado, as canles de cooperación no impulso do sistema español de bibliotecas e, por outro, facilitando a coordinación das bibliotecas de titularidade estatal. Correspóndelle á Administración xeral do Estado en cooperación cos correspondentes órganos das comunidades autónomas, a responsabilidade de obter o diagnóstico do conxunto, de modo que se poida dispor dunha visión global de todos os sistemas, redes, consorcios e bibliotecas dependentes de calquera Administración pública ou entidade privada, de xeito que os poderes públicos poidan, en cada momento, detectar carencias e desigualdades e actuar co obxectivo de emendalas utilizando os medios que o ordenamento xurídico pon á súa disposición, exclusivamente no marco das competencias que lle corresponden ao Estado.

De acordo con todo o anterior, esta Lei da lectura, do libro e das bibliotecas constitúe o réxime xurídico espe-

cial das actividades relacionadas co libro, na súa dobre dimensión de elemento cultural e de ben económico no mercado, proporcionándolles tamén un marco común ás bibliotecas e ao fomento da lectura e atendendo a todos os sectores, que se desenvolven desde a actividade creadora ata o destinatario final, o lector, exclusivamente no marco das competencias que lle corresponden ao Estado.

A lei divídese en seis capítulos, o primeiro relativo ás disposicións xerais, o segundo á promoción da lectura, o terceiro á promoción dos autores e da industria do libro, o cuarto ao réxime xurídico do libro, o quinto consagrado ás bibliotecas e o sexto ao réxime sancionador.

II

O capítulo primeiro, denominado disposicións xerais, consta de dous artigos. O primeiro refírese ao obxecto e ámbito de aplicación desta norma: a promoción do libro, o fomento da lectura e das bibliotecas.

O artigo segundo establece, por seguranza xurídica, unha serie de definicións, como son as de libro, publicación seriada, editor, distribuidor, libreiro, consumidor final, biblioteca, biblioteca dixital, impresor/produtor e publicación periódica.

III

O capítulo segundo, promoción da lectura, entende a lectura como unha ferramenta básica para a aprendizaxe continua e destaca o interese xeral da lectura na vida cotiá da sociedade, así como reconece tamén achegas estéticas do libro nos seus contidos gráficos e plásticos, para que sexan promovidas como valores culturais. Para iso, prevé plans de fomento da lectura e actividades de promoción dela, a potenciación dos servizos e as dotacións bibliográficas, a cooperación das administracións públicas con empresas, asociacións e fundacións en iniciativas de fomento da lectura, a utilización de instrumentos de análise e a avaliación de todas estas actividades.

IV

No capítulo terceiro, promoción dos autores e da industria do libro e publicacións afíns, recóllense por un lado as campañas de promoción dos autores españois, a existencia dun sistema de premios nacionais para os ámbitos literarios, científicos e técnicos, e, por outro, os programas de apoio á industria do libro, a colaboración co sector no fomento das tecnoloxías aplicadas á xestión, o intercambio de información e a formación, así como a participación institucional nas feiras nacionais e internacionais relacionadas co libro e, en particular, o fomento da venda de dereitos de autores de texto e ilustración e o fomento das empresas privadas nelas. Como órgano de apoio a lei prevé, na súa disposición adicional segunda, a creación do Observatorio da Lectura e do Libro.

V

O capítulo cuarto, réxime xurídico do libro, regula o prezo fixo dos libros e recolle o seu réxime xurídico, as súas exclusións e excepcións. Canto aos libros de texto, exclúense do sistema de prezo fixo, modificando o réxime establecido polo Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño. Tamén se incorporan as definicións da numeración internacional de libros e publicacións seriadas.

VI

O capítulo quinto está dedicado ás bibliotecas. Incorpora os principios, os valores e as normas que gozan de

maior consenso entre os profesionais das bibliotecas e as organizacións internacionais relacionadas con elas. Igualmente, e debido ao impacto das tecnoloxías da información e da comunicación na actividade bibliotecaria, prevese a súa utilización nos aspectos da dita actividade en que o seu uso se considera de especial importancia.

Por outro lado, delimitáanse os intereses e fins que son propios da Administración xeral do Estado en materia de bibliotecas. Así mesmo, menciónanse os medios e defínense as estruturas fundamentais para a consecución de tales fins e intereses. Especial mención merece o sistema español de bibliotecas, no cal priman as relacións voluntarias de cooperación entre as distintas administracións.

España posúe un rico patrimonio que expresa tanto a variedade das súas manifestacións culturais e lingüísticas como a confluencia destas na historia. Difundir en liña este patrimonio, a través de bibliotecas dixitais, co apoio das novas tecnoloxías, permitirá que os cidadáns accedan con maior facilidade ao material cultural, contribuíndo deste xeito á sociedade do coñecemento. Por outro lado, este patrimonio dixital poderase integrar na Biblioteca Dixital Europea. Este proxecto débese levar a cabo a través da cooperación entre as diferentes administracións públicas e todo tipo de axentes e entidades privadas.

VII

O capítulo sexto, co obxecto de darlle garantía ao contido nesta lei, regula as infraccións e sancións no ámbito do prezo fixo e da publicidade na venda de libros, respectando as competencias autonómicas e enunciando basicamente os tipos de ilícitos que dan lugar a sanción.

Na elaboración e tramitación desta lei foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores implicados e solicitáronse os ditames e informes preceptivos.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito.*

1. Esta lei ten por obxecto definir o marco xurídico do libro, en atención ao seu carácter de produto cultural, desde a súa creación ata a súa comercialización, difusión e conservación como parte do patrimonio bibliográfico español; das publicacións seriadas, do fomento da lectura, das bibliotecas e, en especial, da cooperación bibliotecaria.

2. Esta lei é de aplicación ao libro, canto á súa edición e comercialización en calquera tipo de soporte susceptible de lectura e ás publicacións seriadas. É tamén de aplicación ao fomento da lectura e do hábito lector e ás bibliotecas, de acordo co marco competencial establecido na Constitución e nos respectivos estatutos de autonomía.

3. Nesta lei enténdese que toda referencia ao libro e á súa comercialización, á lectura e ás bibliotecas, ten como obxecto o libro en castelán ou en calquera das linguas oficiais nas respectivas comunidades autónomas.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos desta lei enténdese por:

a) Libro: obra científica, artística, literaria ou de calquera outra índole que constitúe unha publicación unitaria nun ou varios volumes e que pode aparecer impresa ou en calquera outro soporte susceptible de lectura.

Enténdense incluídos na definición de libro, para os efectos desta lei, os libros electrónicos e os libros que se publiquen ou se difundan pola internet ou noutro soporte que poida aparecer no futuro, os materiais complementarios de carácter impreso, visual, audiovisual ou sonoro que sexan editados conxuntamente co libro e que participen do seu carácter unitario, así como calquera outra manifestación editorial.

b) **Publicación seriada:** toda obra científica, literaria ou de calquera índole que aparece ou se comunica de forma continuada, editada nunha sucesión de fascículos ou partes separadas, que leva normalmente unha numeración e que non ten unha duración predeterminada.

c) **Editor:** persoa natural ou xurídica que, por conta propia, elixe ou concibe obras literarias, científicas e, en xeral, de calquera temática e realiza ou encarga os procesos industriais para a súa transformación en libro, calquera que sexa o seu soporte, coa finalidade da súa publicación e difusión ou comunicación.

d) **Distribuidor:** persoa natural ou xurídica que realiza servizos comerciais e que serve de enlace entre editores e libeiros, para situar e repor libros no seu punto de venda e facilitar a súa difusión.

e) **Libreiro:** persoa natural ou xurídica que se dedica, exclusiva ou principalmente, á venda de libros ao cliente final desde establecementos mercantís de libre acceso ao público ou por calquera procedemento de venda a distancia.

f) **Consumidor final:** persoa natural ou xurídica que, sen asumir obrigas subseguintes de compra ou determinados pagamentos de cota, adquire os libros para o seu propio uso ou llos transmite a persoa distinta sen que medie operación comercial ou calquera outra operación a título oneroso.

g) **Biblioteca:** sen prexuízo do previsto no artigo 59.2 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español e da correspondente lexislación autonómica, enténdese por biblioteca a estrutura organizativa que, mediante os procesos e servizos tecnicamente apropiados, ten como misión facilitar o acceso en igualdade de oportunidades de toda a cidadanía a documentos publicados ou difundidos en calquera soporte.

h) **Bibliotecas dixitais:** son coleccións organizadas de contidos dixitais que se poñen á disposición do público. Poden conter materiais dixitalizados, tales como exemplares dixitais de libros ou outro material documental procedente de bibliotecas, arquivos e museos, ou basearse en información producida directamente en formato dixital.

i) **Impresor/produtor de libro:** persoa natural ou xurídica que, contando coas instalacións e medios técnicos necesarios, se dedica, exclusiva ou principalmente, á realización e impresión de libros en papel ou en calquera outro soporte susceptible de lectura, así como dos materiais complementarios de carácter impreso, virtual, audiovisual ou sonoro que se editen conxuntamente co libro e que participen do seu carácter unitario.

j) **Publicación periódica:** toda publicación que aparece ou se comunica de xeito continuado cunha periodicidade establecida, de carácter cultural ou científico.

CAPÍTULO II

Promoción da lectura

Artigo 3. *Promoción da lectura.*

1. O Goberno aprobará e desenvolverá plans de fomento da lectura, que serán elaborados, avaliados e actualizados periodicamente polo Ministerio de Cultura e que irán acompañados da dotación orzamentaria adecuada.

Estes plans garantirán a continuidade no tempo das políticas de promoción da lectura para a consolidación dos hábitos lectores.

2. Sen prexuízo do previsto no punto anterior, o Goberno garantizará a colaboración interministerial, singularmente entre as administracións responsables de Cultura e Educación, nas actividades de promoción da lectura. Os plans propostos polo Goberno establecerán obxectivos xenéricos e serán consensuados coas comunidades autónomas. Así mesmo promoverán a colaboración coas entidades locais e outras institucións e entidades tanto públicas coma privadas.

3. As bibliotecas, moí especialmente as públicas, as escolares e as universitarias, desempeñan un papel insubstituíble no desenvolvemento, no mantemento e na mellora dos hábitos de lectura, na medida en que garanten, en condicións de igualdade de oportunidades, o acceso de todos os cidadáns ao pensamento e á cultura. Para tal efecto, o Goberno apoiará e incentivará a apertura das bibliotecas escolares á comunidade de cidadáns do seu contorno e a súa incorporación ás novas tecnoloxías. Promoverá para iso acordos coas administracións autonómicas e locais correspondentes.

Artigo 4. *Plans de fomento da lectura.*

1. Os plans de fomento da lectura considerarán a lectura como unha ferramenta básica para o exercicio do dereito á educación e á cultura, no marco da sociedade da información, e destacarán o interese xeral da lectura na vida cotiá da sociedade, mediante o fomento do hábito lector. Os plans de fomento da lectura terán especial consideración coa poboación infantil e xuvenil e cos sectores máis desfavorecidos socialmente, con especial atención ás persoas con discapacidade, así como coa aprendizaxe continua dos cidadáns de calquera idade.

2. Os plans prestarán especial atención á potenciación dos servizos e ás dotacións bibliográficas das bibliotecas co obxectivo de facilitar o acceso á información e crear as condicións favorables para a formación e o desenvolvemento de lectores.

3. Entre as accións que os plans comprendan incluíranse, en cooperación coas demais administracións públicas competentes, a creación e utilización de instrumentos de análise para coñecer a realidade da lectura e a situación das bibliotecas.

4. Os plans nutriranse tanto das achegas do Estado, como das que resulten de acordos e convenios de cooperación con outras administracións e institucións públicas e privadas.

5. No propio plan incluíranse as previsións de medidas de avaliación e seguimento que permitan valorar os logros acadados e introducir as melloras oportunas.

6. O Goberno promoverá o especial compromiso dos medios de comunicación, especialmente os medios públicos audiovisuais, co fomento do hábito lector; promoverá este mesmo compromiso cos medios de titularidade autonómica e incentivará a colaboración cos medios audiovisuais privados.

CAPÍTULO III

Promoción dos autores e da industria do libro

Artigo 5. *Promoción dos autores.*

1. O Ministerio de Cultura desenvolverá, coa participación e colaboración das comunidades autónomas, campañas de promoción dos autores que se expresen en castelán ou en calquera das linguas oficiais das comunidades autónomas. Así mesmo, deberá colaborar coas

comunidades autónomas nas políticas de promoción literaria.

2. A Administración xeral do Estado manterá un sistema de premios a favor dos autores dos principais ámbitos da actividade literaria, cultural, científica e técnica. Os poderes públicos poderán establecer outras medidas de apoio aos autores.

3. Nas campañas de promoción dos autores daráselle especial importancia ao recoñecemento do seu labor creador, e ao de todos aqueles que, coas súas traducións, permitiron o acceso a obras escritas noutras linguas, así como ao respecto e á protección dos seus dereitos de propiedade intelectual.

Artigo 6.

O Ministerio de Cultura, en colaboración con institucións culturais, promoverá a proxección internacional das linguas españolas, con especial atención ao espazo iberoamericano do libro en español.

Desde o Ministerio de Cultura prestaráselles especial atención ás conmemoracións dos autores españois que se expresen en castelán ou en calquera das linguas cooficiais das comunidades autónomas.

Artigo 7. *Promoción da industria editorial e do comercio do libro.*

1. A Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos establecerán programas de apoio á industria e ao comercio do libro para garantir a pluralidade e diversidade cultural e facilitar o acceso á lectura en consideración aos valores culturais que o libro representa e á súa importancia industrial e económica. Estes programas terán en conta as librarías non só como lugares de venda de libros, senón tamén na súa calidade de axentes culturais.

2. A Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos colaborarán coas asociacións de profesionais do sector do libro español en todas aquelas actividades relacionadas co fomento do hábito lector e da difusión do libro, naquelas que propicien unha mellor organización profesional e no desenvolvemento de servizos que poidan repercutir en beneficio dos lectores ou do comercio do libro, así como no fomento das tecnoloxías aplicadas á xestión, os intercambios de información e a formación. Esta actividade deberase realizar en colaboración e cooperación coas comunidades autónomas cando afecte entidades ou actividades que se realicen no seu territorio.

Así mesmo, as administracións públicas en colaboración coa industria do libro promoverán a xestión sustentable das producións editoriais mediante promoción de sistemas de certificación que garantan a procedencia forestal ambientalmente responsable.

3. A Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas e os seus organismos públicos contribuirán á expansión internacional da industria do libro español. En particular poderán participar nas principais feiras nacionais e internacionais relacionadas co libro e fomentarán a asistencia a elas no exterior das empresas españolas do sector do libro e a apertura de novos mercados.

4. Para o disposto nos puntos anteriores, as administracións públicas poderán articular fórmulas de colaboración e cooperación.

CAPÍTULO IV

Réxime xurídico do libro

Artigo 8. *Número internacional de libros e publicacións seriadas.*

1. O International Standard Book Number, número ISBN, é o número creado internacionalmente para dotar cada libro dun código numérico que o identifique e que permite coordinar e normalizar a identificación de calquera libro para localizalo e facilitar a súa circulación no mercado, estimulando a cooperación dos provedores e usuarios da información bibliográfica que constitúe o seu obxecto fundamental.

2. En aplicación das recomendacións e orientacións internacionais aprobadas pola Axencia Internacional do ISBN, o Ministerio de Cultura é o órgano encargado de desenvolver o sistema do ISBN no noso país, de acordo cos requisitos que regulamentariamente se establezan e sen prexuízo das competencias que fosen asumidas polas comunidades autónomas.

3. O International Standard Serial Number, número ISSN, é o número internacional normalizado de publicacións seriadas. En España a súa xestión correspóndelle á Biblioteca Nacional sen prexuízo das competencias que asuman as comunidades autónomas.

4. O disposto nos puntos precedentes entenderase, en todo caso, salvagardando a competencia que nesta materia lles reserven aos gobernos autonómicos os seus respectivos estatutos.

Artigo 9. *O prezo fixo.*

1. Toda persoa que edita, importa ou reimporta libros está obrigada a establecer un prezo fixo de venda ao público ou de transacción ao consumidor final dos libros que se editen, importen ou reimporten, todo iso con independencia do lugar en que se realice a venda ou do procedemento ou operador económico a través do cal se efectúa a transacción.

Co fin de garantir unha axeitada información, o editor ou importador quedará así mesmo obrigado a indicar nos libros por el editados ou importados o prezo fixo.

2. No caso de importación, o prezo será o fixado polo primeiro importador e deberá ser respectado polos posteriores, salvo nos supostos previstos no artigo seguinte.

3. O prezo de venda ao público poderá oscilar entre o 95 por 100 e o 100 por 100 do prezo fixo.

4. Cando o libro se poña á disposición do público formando unha unidade ou conxuntamente con discos, bandas magnéticas, casetes, películas, fotografías, diapositivas, microformas ou calquera outro elemento e constituía unha oferta editorial o prezo fixo determinarase para a totalidade dos elementos que integren esa oferta.

5. O editor poderá establecer un prezo fixo distinto para a venda de coleccións completas, inferior ao resultante da suma de cada un dos títulos que compoñen esa colección.

6. Nos casos de venda a prazos ou a crédito poderanse establecer prezos diferentes de acordo co respectivo sistema de venda.

7. O libreiro ou calquera outro operador económico, incluídos os maioristas, calquera que sexa a súa natureza xurídica, cando realice transaccións polo miúdo, está obrigado a respectar o prezo fixado polo editor.

8. Sen prexuízo do disposto na Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, os establecementos comerciais que se dediquen á venda polo miúdo non poderán utilizar os libros como reclamo

comercial para a venda de produtos de natureza distinta.

Artigo 10. *Exclusións ao prezo fixo.*

1. Non quedarán sometidos ao réxime do prezo fixo os seguintes supostos:

a) Os libros de bibliófilo, entendendo por tales os editados en número limitado para un público restrinxido, numerados correlativamente e de alta calidade formal.

b) Os libros artísticos, entendendo por tales os editados total ou parcialmente mediante métodos de artesanía para a reprodución de obras artísticas, os que inclúan ilustracións executadas en forma directa ou manual ou aqueles en que se utilizasen encadernacións de artesanía.

c) Os libros antigos ou de edicións esgotadas.

d) Os libros usados.

e) As subscricións en fase de pre-publicación.

f) Os exemplares das edicións especiais destinadas a institucións ou entidades ou á súa distribución como elemento de promoción, sempre que presenten claramente esa especificación. No caso da súa comercialización, tales edicións só poderán ser obxecto de venda aos membros das institucións ou entidades a que van destinados e ao prezo fixado polo editor daquelas. As institucións ou entidades culturais de base asociativa que actúen como editores poderán fixar libremente un prezo especial para os exemplares destinados aos seus membros ou asociados, debendo figurar claramente esta especificación nos ditos exemplares. O resto da edición quedará sometido ao réxime xeral de prezo fixo de venda ao público que establece esta lei.

g) Os libros de texto e o material didáctico complementario editados principalmente para o desenvolvemento e a aplicación dos currículos correspondentes á educación primaria e á educación secundaria obrigatoria. Entre os materiais didácticos a que se refire esta epígrafe quedan comprendidos tanto os materiais complementarios para uso do alumno como os de apoio para o docente. Estes materiais poderán ser impresos ou utilizar outro tipo de soporte. Non terán o carácter de material didáctico complementario, para os efectos do disposto neste punto, os que non desenvolvan especificamente o currículo dunha materia, aínda que sirvan de complemento ou axuda didáctica, tales como dicionarios, atlas, libros de lecturas, medios audiovisuais ou instrumental científico.

h) Os libros descatalogados. Enténdese que un libro foi descatalogado polo editor cando non apareza no seu último catálogo ou llelo comunique por escrito ás súas canles de distribución e venda e á Axencia Española do ISBN ou ás axencias autonómicas de ISBN correspondentes. A oferta e exposición destes libros deberase realizar separada e suficientemente indicada da dos libros suxeitos a prezo fixo.

i) O libreiro ou retallista poderalles aplicar prezos inferiores ao de venda ao público aos libros editados ou importados transcorridos dous anos desde a última edición sempre que fosen ofertados por eles durante un período mínimo de seis meses. A oferta e exposición destes libros deberase realizar separada e suficientemente indicada da dos libros suxeitos a prezo fixo.

2. Para os efectos do disposto nas letras h) e i) do punto anterior, o editor deberá darlle cumprimento, de ser o caso, ao establecido no artigo 67 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual aprobado por Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril.

Artigo 11. *Excepcións ao prezo fixo.*

1. Sen prexuízo do establecido no artigo 9 desta lei, poderanse aplicar prezos inferiores ao de venda ao público nos seguintes casos:

a) No Día do Libro e feiras do Libro, congresos ou exposicións do libro, sempre que así o determinen as súas entidades organizadoras, cando estas pertencen aos sectores da edición e comercialización do libro, un desconto de ata un máximo do 10 por cento do prezo fixo.

b) Cando o consumidor final sexan bibliotecas, arquivos, museos, centros escolares, universidades ou institucións ou centros cuxo fin fundacional sexa científico ou de investigación, un desconto de ata o 15 por cento do prezo fixo.

c) Mediante acordo entre editores, distribuidores e libreiros, poderase establecer unha oferta anual de prezos para fondos específicos e períodos concretos e delimitados no tempo.

2. O disposto neste artigo respecto dos descontos dos libros débese entender sen prexuízo do establecido no artigo 14 da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista.

CAPÍTULO V

As bibliotecas

Artigo 12. *Misión, principios e valores das bibliotecas.*

1. As administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, garantirán o acceso dos cidadáns ás bibliotecas coa finalidade de promover a difusión do pensamento e a cultura, contribuíndo á transformación da información en coñecemento e ao desenvolvemento cultural e á investigación. Así mesmo, as bibliotecas contribuirán á promoción das tecnoloxías da información e das comunicacións, procurarán de forma activa o seu mellor coñecemento e manexo e fomentarán o seu uso por parte de todos os cidadáns.

2. Os principios e valores das bibliotecas son:

a) A liberdade intelectual, o acceso á información e o respecto aos dereitos da propiedade intelectual;

b) A igualdade para que todos os usuarios accedan aos materiais, ás instalacións e aos servizos da biblioteca, sen discriminación por razón de orixe, etnia, relixión, ideoloxía, xénero ou orientación sexual, idade, discapacidade, recursos económicos ou calquera outra circunstancia persoal ou social;

c) A pluralidade, en virtude da cal se deberá adquirir, preservar e facer accesible a maior variedade posible de documentos que reflectan a diversidade da sociedade e a súa riqueza lingüística e iconográfica;

d) O respecto do dereito de cada usuario á privacidade e á confidencialidade da información que busca ou recibe, así como dos recursos que consulta, toma en préstamo, adquire ou transmite, protexendo os seus datos persoais nos termos establecidos polas leis.

3. O previsto nos puntos anteriores entenderase sen prexuízo do disposto polas comunidades autónomas, en materia de bibliotecas, e polo disposto para as bibliotecas escolares pola lexislación en materia educativa.

Artigo 13. *Bibliotecas públicas.*

Sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas e das entidades locais, a Administración xeral do Estado, en relación coas bibliotecas da súa titularidade e nas súas relacións en materia bibliotecaria co

resto de administracións públicas, rexerese polos seguintes principios e criterios en todo o relativo ás bibliotecas públicas:

1. As bibliotecas públicas son o medio polo que os poderes públicos posibilitan o exercicio efectivo do dereito de todos os cidadáns para acceder á información, á educación e á cultura no contexto da sociedade da información e do coñecemento.

2. Consideraranse bibliotecas públicas aquelas bibliotecas que, sostidas por organismos públicos ou privados, se ofrecen abertas a todos os cidadáns, sen discriminación por ningunha circunstancia persoal ou social, a través dunha colección de documentos publicados ou difundidos de carácter xeral. As comunidades autónomas regularán a forma en que deban de ser recoñecidas como tales as bibliotecas públicas de titularidade privada.

3. O servizo de biblioteca pública deberá poder ser utilizado por calquera cidadán independentemente do seu lugar de orixe ou residencia e será atendido por persoal especializado e con horario de servizo adecuado ás necesidades dos cidadáns de acordo co previsto na lexislación de réxime local. As comunidades autónomas regularán a forma en que se proverá, co concurso das administracións locais, a prestación de servizos de biblioteca pública.

4. Considéranse servizos básicos de toda biblioteca pública os seguintes:

- a) Consulta en sala das publicacións que integren o seu fondo.
 - b) Préstamo individual e colectivo.
 - c) Información e orientación para o uso da biblioteca e a satisfacción das necesidades informativas dos cidadáns.
 - d) Acceso á información dixital a través da internet ou as redes análogas que se poden desenvolver, así como a formación para o seu mellor manexo.
5. Os cidadáns accederán aos servizos básicos das bibliotecas públicas de forma libre e gratuíta.

Artigo 14. *O sistema español de bibliotecas.*

1. O sistema español de bibliotecas previsto na Lei 16/1985, do 25 de xuño, comprende o conxunto de órganos, centros e medios que, mediante relacións de cooperación e coordinación, actúan conxuntamente coa finalidade de desenvolver os servizos bibliotecarios.

2. Forman parte do sistema español de bibliotecas:

- a) O Ministerio de Cultura, a Biblioteca Nacional e o resto das bibliotecas de titularidade estatal.
- b) O Consello de Cooperación Bibliotecaria.
- c) Os sistemas bibliotecarios autonómicos, provinciais e locais, e de todo tipo de entidades privadas en función das relacións de cooperación baseadas no principio de voluntariedade que se estableza, e sen prexuízo da aplicación da súa respectiva normativa.

3. No marco do sistema español de bibliotecas, cada Administración no ámbito das súas competencias promoverá un desenvolvemento equilibrado, coherente, progresivo, innovador e constante do conxunto de bibliotecas, sistemas, redes e consorcios existentes en España e fomentará a igualdade no acceso a un servizo público de biblioteca de calidade no conxunto do Estado para que non se produzan desigualdades entre os cidadáns das súas distintas zonas ou dos municipios con menor índice de poboación. Para a consecución de tales fins, o Ministerio de Cultura, en cooperación coas comunidades autónomas, desenvolverá, entre outras, as seguintes funcións:

a) A creación, a dotación e o fomento das bibliotecas, de acordo coa normativa vixente, logo de consulta ou, de ser o caso, logo de acordo coa comunidade autónoma correspondente.

b) A proposta e o impulso de todo tipo de iniciativas e proxectos bibliotecarios.

c) A conservación e difusión do patrimonio bibliográfico, sendo o responsable da elaboración do Catálogo colectivo do patrimonio bibliográfico.

d) A normalización e coordinación da actuación das bibliotecas e unidades relacionadas con elas que sexan de titularidade da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos. Regulamentariamente estableceranse os mecanismos desta normalización. Ademais, as bibliotecas públicas do Estado xestionadas polas comunidades autónomas manterán vínculos de relación co resto das bibliotecas públicas do Estado en réxime de mutua cooperación.

e) A promoción da formación permanente do persoal das bibliotecas con medios adecuados e suficientes e fomentar o intercambio de bibliotecarios mediante o desenvolvemento de programas nacionais e internacionais coa cooperación das comunidades autónomas.

f) O impulso da investigación científica e o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica dentro do ámbito bibliotecario, así como a realización de proxectos de investigación en cooperación con outras institucións científicas e culturais, en cooperación coas comunidades autónomas. As bibliotecas poderán ser centros promotores de proxectos de investigación e os bibliotecarios poderanse presentar como persoal investigador a convocatorias nacionais e internacionais.

4. O Ministerio de Cultura, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas, e de acordo coas pautas e recomendacións da Unión Europea e das organizacións internacionais na materia, promoverá a creación de bibliotecas dixitais de acordo cos seguintes criterios:

a) A accesibilidade en liña, como condición previa para optimizar os beneficios que poden extraer da información os cidadáns, os investigadores e as empresas.

b) A dixitalización de coleccións analóxicas para ampliar o seu uso na sociedade da información e

c) A preservación e o almacenamento para garantir que as xeracións futuras poidan acceder ao material dixital e evitar a perda de contidos preciosos.

5. A participación do Ministerio de Cultura nos sistemas bibliotecarios autonómicos virá delimitada polo establecido nos respectivos convenios ou acordos que, para tal fin, se subscriban coas comunidades autónomas.

6. As bibliotecas integradas no sistema español de bibliotecas deberán ser necesariamente accesibles para as persoas con discapacidade. As de nova creación serano desde a súa posta en funcionamento; as que xa existan, e que non reúnan os requisitos de accesibilidade, deberanse acondicionar consonte as disposicións e prazos establecidos na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

Artigo 15. *A cooperación bibliotecaria.*

1. A cooperación bibliotecaria comprende os vínculos que, con carácter voluntario, se establecen entre as bibliotecas e sistemas bibliotecarios dependentes das diferentes administracións públicas e de todo tipo de entidades privadas para intercambiar información, ideas, servizos, coñecementos especializados e medios,

coa finalidade de optimizar os recursos e desenvolver os servizos bibliotecarios. A Administración xeral do Estado, en colaboración co resto das administracións públicas e todo tipo de entidades privadas, promoverá e impulsará a cooperación bibliotecaria mediante o establecemento de plans específicos que se avaliarán e actualizarán periodicamente.

2. O Consello de Cooperación Bibliotecaria é o órgano colexiado de composición interadministrativa que canalizará a cooperación bibliotecaria entre as administracións públicas. A súa composición, que se desenvolverá regulamentariamente, no prazo máximo dun ano, consensuarase coas comunidades autónomas e incluírá, polo menos, representantes da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas, das entidades locais e do Consello de Universidades. Así mesmo, haberá unha representación das sociedades profesionais de bibliotecarios, con dereito a voz pero sen voto.

3. Sen prexuízo das competencias que lles correspondan ás demais administracións públicas, o Ministerio de Cultura promoverá e fomentará a cooperación internacional garantindo a presenza española en organismos internacionais e a través da participación en proxectos cos organismos responsables das bibliotecas en cada país e coas propias bibliotecas, especialmente na área europea e iberoamericana.

4. Corresponderalle ao Consello de Cooperación Bibliotecaria, polo menos, a elaboración de plans específicos para favorecer e promover o desenvolvemento e a mellora das condicións das bibliotecas e dos seus servizos, que se avaliarán e actualizarán periodicamente. Entre outros obxectivos, estes plans promoverán a prestación de servizos básicos, a incorporación da diversidade lingüística do Estado español, a adopción de estándares e indicadores que faciliten un servizo público de calidade e impulsarán programas de formación permanente do persoal de bibliotecas.

CAPÍTULO VI

Réxime sancionador

Artigo 16. *A potestade sancionadora.*

A potestade sancionadora regulada nesta lei exercease, en todo o non previsto nela, de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O seu exercicio corresponderalles aos órganos competentes das comunidades autónomas que a teñan atribuída por razón da materia.

Cando se inicie un expediente sancionador por infracción grave, o órgano que o ordenase trasladará-lle aos órganos competentes que correspondan en materia de contratación das administracións públicas e en materia de subvencións outorgadas por estas, por se os feitos puidesen, de ser o caso, ser constitutivos de prohibición ou limitación na facultade de contratar ou de recibir subvencións, de acordo coa normativa que lle sexa de aplicación.

Artigo 17. *Infraccións e sancións no ámbito do prezo fixo e da publicidade na venda de libros e por discriminación por razón de discapacidade.*

1. Consideraranse infraccións leves, sen prexuízo do que dispoñan as comunidades autónomas, cando menos, as seguintes:

a) A falta de indicación do prezo de venda en cada exemplar dunha edición, correspondente a un libro, de conformidade co previsto no artigo 9 desta lei.

b) A oferta ou a venda dun exemplar dun libro ao público a un prezo distinto do fixado de acordo co disposto no capítulo IV desta lei.

c) A obstrución da función inspectora.

2. Consideraranse infraccións graves, sen prexuízo do que dispoñan as comunidades autónomas, cando menos, as seguintes:

a) A venda de máis dun exemplar dun libro ao público a un prezo distinto do fixado de acordo co disposto no capítulo IV desta lei.

b) A utilización do libro como reclamo comercial para a venda de produtos de natureza distinta nunha campaña publicitaria, de conformidade co disposto no artigo 9.8.

c) A obstrución grave da función inspectora.

d) A discriminación, por razón de discapacidade, que lles impida tanto aos usuarios coma aos propios profesionais das bibliotecas acceder aos materiais, ás instalacións e aos servizos da biblioteca en igualdade de condicións ca o resto dos cidadáns.

3. Pola comisión das infraccións leves recollidas neste artigo imporanse, polo menos, as seguintes sancións:

a) Multa de 1.000 a 10.000 euros.

b) As infraccións leves, en función das súas circunstancias, poderán levar aparellada unha amoestación privada.

4. Pola comisión das infraccións graves recollidas neste artigo imporanse, polo menos, as seguintes sancións:

a) Multa de 10.001 a 100.000 euros.

b) As infraccións graves, en función das súas circunstancias, poderán levar aparellada amoestación pública, con publicación no diario oficial da comunidade autónoma correspondente e en dous periódicos de difusión autonómica, unha vez que a resolución sancionadora teña carácter firme, por conta do sancionado.

5. As responsabilidades administrativas polo incumprimento das obrigas establecidas neste capítulo entenderanse sen prexuízo das accións legais que se poidan exercer ao abeiro da lexislación específica de competencia desleal, para os supostos da obtención das vantaxes competitivas adquiridas mediante a infracción dunha norma xurídica.

Disposición adicional primeira. *Depósito legal.*

O depósito legal ten por misión fundamental a preservación da cultura, facendo posible que calquera persoa poida acceder ao patrimonio cultural, intelectual e bibliográfico, así como coadxuvar á protección dos dereitos de autor no ámbito da propiedade intelectual. A observancia da obriga de constituír o depósito legal é unha condición imprescindible para garantir o dereito de acceso á información de todos os cidadáns e deberase realizar nos termos establecidos na normativa que resulte de aplicación; polo que o Goberno, no prazo máximo dun ano, remitirá un proxecto de lei para adaptar a normativa vixente á realidade do Estado das autonomías, á aparición de novos soportes e aos cambios producidos no sector editorial.

Disposición adicional segunda. *O Observatorio da Lectura e do Libro.*

O Observatorio da Lectura e do Libro, dependente do Ministerio de Cultura, con carácter de órgano colexiado, terá como obxectivo a análise permanente da situación do libro, da lectura e das bibliotecas. Corresponderalle tamén promover a colaboración institucional, en espe-

cial con observatorios ou órganos de similares funcións que existan nas administracións autonómicas e locais, o asesoramento, a elaboración de informes, estudos e propostas de actuación en materia de lectura, do libro e das bibliotecas. A súa composición, competencias e funcionamento estableceranse regulamentariamente, asegurando a presenza neste órgano de todos os sectores comprometidos e afectados por esta lei.

Disposición adicional terceira. *Do acceso á lectura, ao libro e ás bibliotecas das persoas con discapacidade.*

1. As administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, promoverán o acceso das persoas con discapacidade á lectura, ao libro e ás bibliotecas, velando por un uso regular, normalizado e sen discriminacións deste tipo de servizos, bens e produtos culturais.

2. Os plans de fomento da lectura e os programas de apoio á industria do libro terán en conta as necesidades particulares das persoas con discapacidade, especialmente na promoción, difusión e normalización de formatos e métodos accesibles, como os soportes en alfabeto braille, os soportes sonoros, os soportes dixitais ou os sistemas de lectura fácil.

3. Cos fins establecidos nos puntos anteriores, o Ministerio de Cultura e as demais administracións públicas subscribirán convenios de colaboración coas entidades de iniciativa social, sen ánimo de lucro, do sector da discapacidade.

Disposición adicional cuarta. *Publicacións oficiais da Administración xeral do Estado.*

No caso dos libros publicados pola Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos, e sen prexuízo do establecido no artigo 9 desta lei, será de aplicación o disposto no Real decreto 118/2001, do 9 de febreiro, de ordenación de publicacións oficiais e da súa normativa de desenvolvemento.

Disposición transitoria única. *Vixencia temporal de determinadas normas.*

Manterán a súa vixencia, mentres non se adopte a correspondente normativa de desenvolvemento:

a) No relativo ao depósito legal, a Orde do Ministerio de Educación e Ciencia do 30 de outubro de 1971 e a Orde do Ministerio de Educación e Ciencia do 20 de febreiro de 1973.

b) O Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, polo que se establece a obriga de consignar en toda clase de libros e folletos o número ISBN.

c) A Orde do 25 de marzo de 1987, pola que se regula a Axencia Española do ISBN (sistema internacional de numeración de libros).

d) O Real decreto 582/1989, do 19 de maio, polo que se aproba o Regulamento de bibliotecas públicas do Estado e do sistema español de bibliotecas.

e) Os artigos 6 e 7 do Real decreto 484/1990, do 30 de marzo, de prezo de venda ao público de libros.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto nesta lei.

2. Quedan derogadas expresamente as seguintes disposicións:

a) A Lei 9/1975, do 12 de marzo, do libro, salvo as seccións terceira e cuarta do seu capítulo III.

b) O artigo 38 do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos.

c) O Real decreto 484/1990, do 30 de marzo, de prezo de venda ao público de libros, coa excepción dos artigos 6 e 7 que manterán a súa vixencia mentres non se adopte a correspondente normativa de desenvolvemento.

Disposición derradeira primeira. *Modificacións da Lei de propiedade intelectual.*

O texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, modifícase nos seguintes termos:

Un. O punto 4 do artigo 19 queda redactado nos seguintes termos:

Artigo 19. *Distribución.*

«4. Enténdese por préstamo a posta á disposición de orixinais e copias dunha obra para o seu uso por tempo limitado sen beneficio económico ou comercial directo nin indirecto, sempre que ese préstamo se leve a cabo a través de establecementos accesibles ao público.

Entenderase que non existe beneficio económico ou comercial directo nin indirecto cando o préstamo efectuado por un establecemento accesible ao público dea lugar ao pagamento dunha cantidade que non exceda do necesario para cubrir os gastos de funcionamento. Esta cantidade non poderá incluír total ou parcialmente o importe do dereito de remuneración que se lles deba satisfacer aos titulares de dereitos de propiedade intelectual conforme o disposto polo punto segundo do artigo 37.»

Dous. O punto 2 do artigo 37 queda redactado nos seguintes termos:

Artigo 37. *Reproducción, préstamo e consulta de obras mediante terminais especializados en determinados establecementos.*

«2. Así mesmo, os museos, arquivos, bibliotecas, hemerotecas, fonotecas ou filmotecas de titularidade pública ou que pertencen a entidades de interese xeral de carácter cultural, científico ou educativo sen ánimo de lucro, ou a institucións docentes integradas no sistema educativo español, non precisarán autorización dos titulares de dereitos polos préstamos que realicen.

Os titulares destes establecementos remunerarán os autores polos préstamos que realicen das súas obras na contía que se determine mediante real decreto. A remuneración farase efectiva a través das entidades de xestión dos dereitos de propiedade intelectual.

Quedan eximidos da obriga de remuneración os establecementos de titularidade pública que presten servizo en municipios de menos de 5.000 habitantes, así como as bibliotecas das institucións docentes integradas no sistema educativo español.

O real decreto polo que se estableza a contía preverá, así mesmo, os mecanismos de colaboración necesarios entre o Estado, as comunidades autónomas e as corporacións locais para o cumprimento das obrigas de remuneración que afecten establecementos de titularidade pública.»

Tres. O artigo 132 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 132. *Aplicación subsidiaria das disposicións do libro I.*

As disposicións contidas no artigo 6.1, na sección 2.^a do capítulo III do título II e no capítulo II do título III, salvo o establecido no parágrafo segundo do punto segundo do artigo 37, ambos do libro I desta lei, aplicaranse, con carácter subsidiario e no pertinente, aos outros dereitos de propiedade intelectual regulados neste libro.»

Catro. Engádesse unha disposición transitoria décimo novena coa seguinte redacción:

«O real decreto a que se refire o punto segundo do artigo 37 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual deberá ser promulgado no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor desta lei.

Ata que se aprobe o real decreto a que se refire o parágrafo anterior, a contía da remuneración será de 0,2 euros por cada exemplar de obra adquirido con destino ao préstamo nos establecementos citados neste punto.

Así mesmo, neste período, o Estado, as comunidades autónomas e as corporacións locais poderán acordar os mecanismos de colaboración necesarios para o cumprimento das obrigas de remuneración que afectan establecementos de titularidade pública.»

Disposición derradeira segunda. *Habilitación competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.2 da Constitución española, que dispón que, sen prexuízo das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial, e ademais polos seguintes títulos competenciais:

- a) O artigo 8, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.10.^a,
- b) Os artigos 9, 10, 11, 16 e 17, que se ditan ao abeiro do artigo 149.1.13.^a,
- c) O artigo 13, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.28.^a, e
- d) As disposicións adicional primeira e derradeira primeira, que se ditan ao abeiro do artigo 149.1.9.^a da Constitución española.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento e habilitación normativa.*

1. Autorízase o Goberno a ditar cantas disposicións resulten necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta lei.

2. Cando razóns técnicas ou de oportunidade así o aconsellen, mediante real decreto poderanse actualizar ou modificar as excepcións ao prezo fixo previstas no artigo 11.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 22 de xuño de 2007.

JUAN CARLOS R.

A presidenta do Goberno
en funcións

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

12352 LEI 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. («BOE» 150, do 23-6-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

ÍNDICE

Exposición de motivos.

Título preliminar. Do ámbito de aplicación e dos principios xerais.

Título primeiro. Dereitos dos cidadáns a se relacionar coas administracións públicas por medios electrónicos.

Título segundo. Réxime xurídico da Administración electrónica.

Capítulo I. Da sede electrónica.

Capítulo II. Da identificación e autenticación.

Sección 1.^a Disposicións comúns.

Sección 2.^a Identificación dos cidadáns e autenticación da súa actuación.

Sección 3.^a Identificación electrónica das administracións públicas e autenticación do exercicio da súa competencia.

Sección 4.^a Da interoperabilidade e da acreditación e representación dos cidadáns.

Capítulo III. Dos rexistros, das comunicacións e das notificacións electrónicas.

Sección 1.^a Dos rexistros.

Sección 2.^a Das comunicacións e das notificacións electrónicas.

Capítulo IV. Dos documentos e os arquivos electrónicos.

Título terceiro. Da xestión electrónica dos procedementos.

Capítulo I. Disposicións comúns.

Capítulo II. Utilización de medios electrónicos na tramitación do procedemento.

Título cuarto. Cooperación entre administracións para o impulso da Administración electrónica.

Capítulo I. Marco institucional de cooperación en materia de Administración electrónica.

Capítulo II. Cooperación en materia de interoperabilidade de sistemas e aplicacións.

Capítulo III. Reutilización de aplicacións e transferencia de tecnoloxías.

Disposición adicional primeira. Reunión de órganos colexiados por medios electrónicos.

Disposición adicional segunda. Formación de empregados públicos.

Disposición adicional terceira. Plan de medios na Administración xeral do Estado.

Disposición adicional cuarta. Procedementos especiais.

Disposición adicional quinta. Función estatística.

Disposición adicional sexta. Uso de linguas oficiais.

Disposición transitoria única. Réxime transitorio.

Disposición derogatoria única.